

Estimadas familias:

Segundo a instrución 3/2020 da secretaría xeral técnica da consellería de educación, universidade e formación profesional, do 16 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2020/2021; terán preferencia no uso do comedor:

- Alumnado usuario do servizo do comedor no curso anterior.
- Alumnado pertencente a unidades familiar en situación económica de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado con pais e nais traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro(escolarizado fóra da área de influencia).

Dentro do outro alumnado do centro a preferencia de uso de comedor será a seguinte:

- Estar empadroadado no Concello de Brión.
- Alumnado de familias en situación socioeconómica de exclusión social.
- Incompatibilidade horaria dos proxenitores.
- Ter irmás/áns, usuarios de comedor escolar nesta escola.
- Alumnado con discapacidade.
- Ordenaranse as familias por renda económica per cápita máis baixa.
- Ser da área de influencia limítrofe.
- Ordenaranse os apelidos pola letra sorteada para o proceso de admisión.

Todo o alumnado que fixo uso do servizo de comedor escolar no curso 2019-2020 e comunicou que quere continuar facendo uso do servizo para o vindeiro curso ten a praza garantizada. O único que teñen que facer é cubrir a ficha de datos de usuario de comedor e o Anexo II (unha autodeclaración) e entregalo no centro entre o **xoves 25 de xuño e o venres 3 de xullo**.

O alumnado que está actualmente matriculado na escola e que non foi usuario do comedor no curso pasado, se quere facer uso del no vindeiro curso terá que solicitalo á dirección do centro. O prazo para solicitar praza no comedor escolar é entre o xoves 25 de xuño e o venres 3 de xullo. Deberá entregar a mesma documentación que o alumnado que comeza novo na escola para o vindeiro curso.

O alumnado que comeza novo nesta escola para o vindeiro curso, terá que marcar na folla de matrícula a casíña na que solicita o uso do servizo de comedor (non é necesario entregar o padrón municipal porque xa o fixeron xunto coa solicitude de admisión). O prazo para a solicitude remata o **3 de xullo**. Como imos ter que baremar, xa que hai máis solicitudes que prazas, o alumnado que teña a ambos proxenitores traballadores con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do mediodía, acreditarán documentalmente mediante documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/ores, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas, e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes.

A maiores terán que cubrir o Anexo II (unha autodeclaración) e a ficha de solicitude de comedor escolar. **O alumnado que non é da área de influencia da nosa escola terá que aboar o prezo máximo de servizo por día que é de 4,50€, independentemente do resultado que obteña na autobaremación.**

A partir do 3 de xullo que finaliza o prazo de solicitude de comedor, a dirección do centro ordenará as solicitudes por preferencia de uso. Como se prevén máis solicitudes que prazas o Consello Escolar será o encargado de revisar e baremar as solicitudes. Unha vez reunido o Consello Escolar publicarase unha lista provisional de admitidos e a lista de reserva, abríndose un prazo de cinco días para a presentación de alegacións. Unha vez finalizado o prazo de alegacións e resoltas polo Consello Escolar aprobarase o listado definitivo de admitidos e de reserva.